


CATÁLOGO

DE

nós

PUBRICACIÓNS
GALEGAS
E IMPRENTA

1927-1935



NÓS - PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
RUA DO VILAR, 15 SANTIAGO

RG 40/9

F. 17980

AS PUBLICACIONES

R. 33700

N Ó S

poden adequirirse
íntegramente para seren
abonadas en cativos
prazos mensuaes



O BOLENTÍN MENSUAL
DA CULTURA GALEGA

N Ó S


Vai no seu ano VX, tendo publicado
orixinaes dos nosos mellores escritores

Director Artístico,
Vicente Risco

Director Literario,
Alfonso R. Castelao

SUSCRICIÓN ANUAL (12 NÚMEROS) 6 PESETAS

Administrador: Anxel Casal Gosenxe
RÚA DO VILAR, 15 SANTIAGO



Faltan documentos (p axinas,
cadernos...)
ISO 9878/1990

Obras en venda

	<u>Ptas.</u>
Acuña (Manuel Luís)	
FIRGOAS	3,00

Versos que frolecen á beira dun ambiente de nomes de lembranzas e de creazóns. Poemas que van en pelerinaxe a adourar as entranas da Terra. Firgoas por onde se filtran lirismos fresqueiros pra deitarse na aba docemente curvada dos montes volcánicos da i-alma do poeta.

Amado Carballo (Loís) †	
O GALO	3,00

Feixe de poemas póstumos do malogrado poeta pontevedrés autor de «Proel». Lírico breviario de horas editado feitucamente, con moita arte sinxela. Pingas d'orballo —auga, ceo e luz— tremelando saudosas na belida corola de recordadoras froles silvestres. Modelo de sensibilidade nova, zugada com'a mel d'ouro das abellas nas moles e húmedas herbas do antergo folk-lore aldeán.

Blanco Torres (Roberto)	
DE ESTO Y DE LO OTRO	4,00

Volume que comprende unha coleccion de artigos escritos en diversos xornaes i-en épocas diferentes. En todos eles, a pluma áxil que dirixe un espírito de fina sensibilidade, tra-

za agudos problemas condicioados a unha escolleita educación periodística, que teñen visos de realidade nos intrínsecos que corremos.

ORBALLO DA MEDIA NOITE 2,00

Fato de versos xunguidos por unha presenza de beleza requintada. Latexa en todos eles un espírito intenso e unha forza creadora que os define rexos e asoellados como a confiada frouma dos piñeiros.

Cabanillas (Ramón) e Villar Ponte (Antón)

O MARISCAL 1,00

Obra, en verso, pra representar. Tén coma motivo a morte de Pero Pardo de Cela, axusticiado na Praza de Mondoñedo, en aras das liberdades galegas. Tanto a versificación coma o asunto, amosan un recendo de gloriosa acoetividade.

Carballo Calero (Ricardo)

VIEIROS 2,00

Libro de versos enroitados por canles de novísimo senso. Beleza e coorido a locir en cada tema, que coma froi da ialma xurde da concencia do poeta.

LA SOLEDAD CONFUSA 3,00

Enfeixe de versos, escritos en castelán, de infindas suxestións. Belidos romances, compostos a maoria encol de temas bíblicos

O SILENZO AXIONLLADO 3,00

A derradeira produción poética do autor é ista que intitúa «O Silenzo Axionllado». Tras do enreixado das suas páxinas atópanse naos de lirismo que ronselan metáforas xugosas e recedentes.

Carballal (Ricardo) †

DE MÍN PRA VOS 1,00

Contos populares d'un malogrado escritor que fan escacharen de risa a cantos léennos. Cousas agudas e socarrei-

ras, a xeito de cóxegas que obrigan ó máis serio a ceibar francas gargalladas. O fondo humorismo d'un petrucio re-frexado en parolas moi felices.

Casas (Augusto M.)

O VENTO SEGREL 2,50

Poemas ergueitos e sonoros que o mesmo poeta axunta en tres grupos, distintos de forma, e de coores diversos.

Casas (Alvaro das)

A MORTE DE LORD STAÜLER 1,20

Drama histórico en tres actos. A concencia intelixente, vixiante e apaixoadada do autor coloréao con pinturas de lenda en col da realidade histórica.

PANCHO DE RÁBADE 0,80

Vía-Crucis en sete estazóns. Obra de fondo dramatismo e de outa sinificazón. Pancho de Rábade afiadador por todolos camiños do mundo, é un evanxeista do credo galego, que predica con lengaxe tráxico e primoroso, a verdade da redenzón de Galicia.

3 CONVERSAS 1,00

Tres pezas teatraes de ambiente popular e de fondo senso político, axeitadas pra representar en escearios ruraes. Arden nunha labarada sinfónica de sentimentos, capaces pra soerguer os espritos. Traen pulos e ardentias en motivos de redenzón campesiña.

Castelao (Alfonso R.)

COUSAS (1.º e 2.º libro-2.ª edición) 5,00

Esceas curtas narradas acarón de cada dibuxo. O eximio artista galego mantén aceso un faro de lús en cada estampa, que il intidua sinxelamente «Cousas», con recendos de dramático humorismo. Estampas que o consagran coma dibuxante, que o definen coma prosista de antoloxía, que o alumean con un fito de presenza dooosa de artista na i-alma asoballada da Patria Galega.

Nista nova edición xúntanse nun soio libro as dúas publicadas denanteriormente en volumes distintos.

OS DOUS DE SEMPRE

7,00

Novela do mellor xénero da picaresca na que os dous principaes protagonistas, Rañolas e Pedro López, corren moitedume de aventuras. Nas que se refrexan, en contraposición sempre, o idealismo e o materialismo, o quixotismo e sanchopancismo, nun estilo movido e cuidado que acredita ao xenial caricaturista coma un dos mellores prosistas contemporáneos.

CINCOENTA HOMES POR DEZ REÁS

2,50

Cincoenta dibuxos de homes que ao decir do seu factor, poderían ser protagonistas de outras tantas novelas. Cincoenta homes dibuxados con unha lenda ao pé, que son outros tantos discursos de humorismo crítico da Sociedade actual. Cincoenta homes en liñas máxicas que adquiren nélas perfíles plásticos, pregoando a arte do seu autor.

RETRINCOS

2,50

Contos sinxelos, atelgados de humorismo, de arte, de sensibilidade. Castelao pinta néles gracia e paixón, e Maside cos seus grabados en madeira ilustraos de xeito acertado e maraveloso.

Correa Calderón (Evaristo)

MARGARIDA A DA SORRISA D'AURORA

0,50

Conto para nenos n-unha edición moi feita, ond'a sinxeleza e o bó dicir axúntanse notablemente, sirvindo a fábula sempre belida.

Cotarelo Valledor (Armando)

BEIRAMAR

1,50

Drama marifeiro, colmado de esencias do noso pobo ribeirán, con un lengaxe axeitado e ditos característicos da Galicia da beiramar.

MOURENZA

0,80

1066

Escea dramática con fondo mariñán e ambiente de mariñeiros. Tén decorados de mar e persoaxes de traxedia. Unha obra teatral acabada e seréa con axeitada construción.

CANCIOEIRO DA AGULLA

2,50

Máis de cen cantigas populares de xastres e costureiras, co-as que o Prof. Cotarelo enfió un Cancioeiro matizado en toda crás de cantos usados pol-o pobo: copras, cantares, triadas e muífeiras. Ao final de cada unha, engádelle unha acrazón, e o nome do lugar onde foi recollida.

Cunheiro (Alvaro)

MAR AO NORDE

2,50

1111

Feixe de poemas roubados dun mar inventado pol-o autor. Cõ eles xoga, e góstalle xogar, nas máis puras esenciais de avangarda; descravado, xeométrico, en prismas de cristal, a recoller raiolas de frolida ilusión nas olas e nas naos de aquel mar que inventóu.

Delgado Gurriarán (Florencio Manuel)

BEBEDEIRA

2,00

Conxunto de poemas que zagan folk-lore do mellor viño valdeorrés e xermolan decires homildosos de intensa seiva popular. Compoñen todos unha atmósfera limpa e agraciada, na que se irmandan tintes etnográficos con roupas de alba poesía.

Díaz (Camilo)

CONTO DE GUERRA

2,00

Lênda marcial e saudosa con dibuxos do autor artista de grande sona, varias coores, para recreio de nenos e homes que gosten da fonda emoción literaria. Libriño graciosamente editado.

García Barros (Manuel)

CONTIÑOS DA TERRA 3,00

Coleición de contos de ambiente popular, ategados de gracia i-espostos con premeditada sinxeleza.

Gómez Ledo (Avelino)

AS ÉGLOGAS DE VIRXILIO 2,00

Versión feita do latín ao idioma pátrio, na que o traductor, perfecto coñecedor do idioma virxilián, copia de xeito insuperábel o espírito e o sentir do poeta de Mantua en versos de fina melodía galega.

Leiras Pulpeiro (Manuel)

OBRAS COMPLETAS 3,00

Edición cuidada que contén todol-os versos escritos na sua vida pol-o poeta mindoniense. Niles respírase unha rebeldía civil, ategada de condenas pra espoliadores, cregos e caciques. Motivos de Galicia e de Libertade, son denominadores comúns, nos poemas do grande vate civil do século pasado.

Lesta Meis (Xosé) †

ABELLAS DE OURO 4,00

Galería de arquetipos aldeáns, dibuxados con irto verbo prosaico, lonxe de toda gula retórica. Lesta Meis, esculpe nas páxinas do seu libro, facianas de hérois anónimos, a chuchar cotianamente a mel do sacrificio.

López Abente (Gonzalo)

MARÍA ROSA 1,20

Comedia dramática en duas xornadas que reperentóuse con bó éxito na Cruña. Triste e melancónica historia d'amore que esbara pol-os vans silenzosos d'un pazo, cebrada de raiolas de sol do folk-lore, que xorran de beizos aldeáns, e unxida co-a doce sorrisa espíritoal, mística gracia branca, d'un nobre abade bonachón.

VAOSILVEIRO

2,50

Novela escrita nun estilo rico e abondoso de descripcións e de imaxes. Alenta en toda ela un matiz persoal que obriga ao autor a deliñar un senso puro e castamente bucólico, o amor con que Don Fins desexa apaixoadamente a súa madastra. Conxunzón do romántico e do real, que lle dan á obra unha tónica de vida á par que a tinxen dun acento ateigado de sensibilidade,

NEMANCOS

2,50

Conxunto de poemas salgados, suxeridos pol-o salouco das olas e dictados pol-o imperativo do mar. Saúdos de amañecida na terra con orballos e diademas melancónicas, que colocan ao seu autor na porta de entrada da poesía nova.

Manuel Antonio †

DE CATRO A CATRO

1,50

Feixe de poemas de vangarda cuxo tema é o mare. Lirismo d'un mozo mariñeiro que percorreu a bordo d'un navío algúns dos camiños innumerabeis.

Montes (Euxenio)

VERSOS A TRES CÁS O NETO

3,00

Coleición de poemas da máisima mobilidade, captadores de todas as posturas inxeles do noso espírito racial no senso máis popular desta verba. Contornos de verdecentes motivos dibuxados con escolleitos saloucos de galegidade poética.

Noriega Varela (Antón)

COMO FALAN OS BRAÑEGOS

2,00

Colcizón por orde alfabético de frases, ditos e refráns dos montañeses galegos feita por Noriega Varela. Libro con máis d'un milleiro de exemplos de fonda utilidade para cantos desexen coñecer o noso folk-lore e perfeccionarse no estudo da lingua materna.

Otero Pedrayo (Ramón)

OS CAMIÑOS DA VIDA

OS SEÑORES DA TERRA (1. ^a parte)	2,50
A MAORAZGA (2. ^a parte)	2,00
O ESTUDANTE (3. ^a parte)	2,50

A millor historia feita ata agora da vida social da nosa terra no século pasado. Os pazos señoriaes, o traballo galego, as loitas de calristas e liberaes, as gavillas de ladróns, toda a ialma da Galiza do oitocentos áchase refrexada con arte admirabile n'ista obra maxistral, que é a novela máis fermosa que s'escribiu en galego.

CONTOS DO CAMIÑO E DA RUA 2,00

Mangado de contos, pintados en cadros dazanovescos, con coores de pazos fidalgos i-esceas de nobleza labrega. Traen ares de modernidade á seara estesa da Xeografía literaria, despóis de ceibar os derradeiros lastres de plebleísmo que indifificaban ao noso idioma co burdo groseirismo do conto tradizoal.

ARREDOR DE SÍ 2,00

Novela autobiográfica, na que o autor refrexa o desacougo da súa xenerazón. Hai nela unha paisaxe ategada de romantismo, un senso novo do estilo, unha preocupazón acabada e fonda por total-as culturas alleas e da galega, coma final. O persoaxe central, Adrián Solovio, navega coa nao da incertidume por mares e latitudes descoñecidas, sin atopar o fito ancelado, e cando dada a volta compreta arredor de sí, se atopa co seu propio cerne na i-alma e na cultura autóctonas, alcontra o arelado ensoño, buscado sen froitos na sementeira de estranas espiritualidades.

A ROMEIRÍA DE XELMÍREZ 7,00

Novela meioeval que descubre —mitade historia, mitade imaxinazón— o espírito do grande Bispo galego enroitado cara o universo pra facer de Galicia, a segunda Roma imperial. Pelerinaxe de Xelmirez dende a nosa Terra até os domiños pontificios de San Xobán de Letrán.

ROMANTISMO, SAUDADE, SENTIMENTO DA RAZA E DA TERRA EN PASTOR DÍAZ, ROSALÍA DE CASTRO E PONDAL 4,00

Discurso de ingreso na Academia Galega coa contestada do académico Vicente Risco. Nista fermosa orazón literaria, Otero Pedrayo, fai un estudo interpretativo do Romanticismo, i-esplica o significado da súa situación en Galicia en relación coa saudade e co Sentimento da Terra nos tres poemas máis representativos d'aquela corrente.

PELERINAXES 5,00

Belida e detallada eisposición dunha viaxe feita a pé polo autor, dende Ourense até San Andrés de Teixido. Insuperábel estudo xeográfico do roteiro, tinxido con párrafos de doce sabor anedótico, i-entrambos eispostos con unha amenidade literaria e un tono de novidade, que o fán por demáis interesante e atractivo pra o leitor. Prologa o libro Vicente Risco con unha acertada introdución e amenizao con esaitos dibuxos da pelerinaxe.

A LAGARADA 0,80

Farsada tráxica en forma de obra teatral, pra lér. Desenvólase na beira do Miño, no tempo da vendimia e téñ aenos de historia dramática, voltada en silencio de cepas e orballo de sangue roxo e de viño roxo.

ENSAYO HISTÓRICO SOBRE LA CULTURA GALLEGA 10,00

Mapa cultural de Galicia, insuperábel e definitivo, no que se fai unha interpretación histórica, en col do nacer e vivir das formas literarias do espírito galego. É coma unha epopeia lírica, meditada en prosa, que canta todol-os pulos da cultura autóctona, que define, verdadeiramente, a auténtica personalidade naquil campo da Galicia histórica.

FRA VERNERO 2,50

Biografía novelada de Zacarías Werner, escrita con unha grande fantasía literaria sobor da mínima base histórica.

A imaxinazón do autor traza con vivos coores a estampa sensual e romántica do dramaturgo austriaco, trocado logo en visos estóicos cando escribe o seu drama «Lutero». A infancia en Köenisboerg. A pelerinaxe pol-a Europa adiante despóis da morte da nai. Todo nun escenario que non tén que ver pra ren con Galicia nin cos seus problemas,

Prada (Xaime)

GRABADOS EN LINOLEUM 2,50

Refrexan as cousas máis típicas da nosa terra e levan glosas de varios notabres literatos galegos.

Porto Rey (Francisco)

A TOLA DE SOBRAN 0,80

Fermosa obra escénica, que xa se ten representado con grande éxito; de lingoaxe escolleito e de fábula moi orixinal. Axeitada pra festas de Sociedades de recreio e cultura.

Risco (Vicente)

O BUFÓN D'EL REI 0,80

Drama meioeval de recendo shakespeareano, que conquistou o primeiro premio n-un certame literario.

O PORCO DE PÉ 3,00

Novela moderna, cheia de gracia, onde buligan o idealismo e o realismo n-un xogo socarreiro. Libro acugulado de «humour» racial que permite ollar un problema da terra, coa mesma cristiñña caridade con que as tremelantes augas do mar permiten vel-o seu fondo nas horas de sereo acougo.

MITTELEUROPA 6,00

Impresións dunha viaxe feita pol-o autor a Alemaña. Vicente Risco con un apreciar das cousas nidiamente subxectivo, vai eispondo, co seu estilo característico de home culto e preparado, o que pensa e o que sinte de cada motivo que olla. Sistemas políticos, literarios, relixiosos, artísticos, costumistas, anedóticos... van desfianando en filmógrafo esteso e definitivo pol-as páxinas de «Mitteleuropa».

Ribalta (Aurelio)

O DERRADEIRO AMORE 2,00

Novela con argumento movido que a fai moi amena e atractiva, a máis de interesante pol-a fluidez de estilo e o esaito apaixonado do desenrolo investivo.

Rubinos (Xosé)

O POEMA DA CRUÑA 1,50

Un canto, seguido, múltiple, con proel de música e de verso, á antiga cibdade brigantina. Tén o sabor familiar das comptas de froitos frescos.

San Luís Romero (Xesús)

A VOLTA DO BERGANTIÑÁN 0,50

Monólogo en verso, no que o seu autor canta á Terra de Bergantiños, dunha maneira sentida e bela.

Sigüenza (Xulio)

CANTIGAS E VERBAS AO ÂR 2,00

Escolma de poemas cheios de modernidade, ond'as imaxes enfeitadas co-a gracia novecentista, gurgullan com'as augas frescas e cristiñas das fontenas refrexando anacos de azul lirico. Poemas enrequentadores da trunfal poesía galega, que levan un introito belido da grande poetisa uruguáia Xohana de Ibarbourou.

Villar Ponte (Antón)

OS EVANXEOS DA RISA ABSOLUTA (Anuncia-
zón do Antiquixote) 5,00

Folk-drama da sinxeleza campesiña refrexada no moderno senso unanímista e vital. Ópera sin música que é un cálido duo de amor con coro de monstros e tráxico final que enfeitan mapoulas de sangue. O moderno e o antigo vencellados pol-a toleria dun fillo de muiñeiros que a bebeu nas fontes de Xuventia do clasicismo. A paisaxe galega teatra-

lizada e novelada, veláhi en síntesis lixeira o pulo conmutativo diste folk-drama que ven a encher un grande oco que se notaba de falta na Literatura da nosa Patria.

TRÍPTICO TEATRAL (A Patria do labrego--Almas mortas—Entre dous abismos) 3,00

Unha realista visión do caciquismo («A patria do labrego»); os problemas da emigración fondamente ollados («Almas mortas»); e unha peza granguñolesca onde bulen as supersticións aldeáns («Entre dous abismos»). A primeira e a derradeira d'unha grande teatralidade.

Villar Ponte (Ramón)

HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA 6,00

Todol-os que desexen saber o que tén sido a nosa terra ata hoxe, somentes conseguiranlo lendo este libro craro, serio, escrupuloso, metodizado. Desde se publicou, non hai desculpa para decire como enantes: «Non sei historia de Galicia porque non hai ningunha».

AUTONOMÍA 2,50

Alegato histórico-político a prol da autodeterminación de Galicia. É unha síntesis crala e rotunda na que se eisaninan os argumentos e ventaxas do réxime autonómico, na que se eisplica, con razoamentos históricos, o fracaso do sistema unitario e se citan votos de calidade e denantece-dentes encol da liberdade política das rexións na Hespaña.

Xohán Xesús González

A MODELO DE PACO ASOREY 2,50

Novela de ambiente compostelán. Vivida nas rúas románticas de Sant-Iago e nos amores doces de un estudante e dunha poetisa. «A modelo de Paco Asorey» é un pasaxe novelesco de fluida lectura e de motivo gasalleiro e familiar.

Unha casa sin libros é como un corpo sin alma.

CICERÓN.

OUTRAS OBRAS QUE PUBRICOU «NÓS»

DE VICENTE RISCO

Elementos de Metodología de la Historia.	10,00
Apuntes de Historia Universal y de España (Edad Media).	4,00
» » » (Edad Moderna).	5,00
» » » (Edad Contemporánea).	4,00

DE OTERO PEDRAYO

33 Lecciones de Geografía General.	5,00
Lecciones Elementales de Historia.	3,00

DE FELICIANO ROLÁN

Huellas, poemas.	3,00
------------------	------

DE XOSÉ PÉREZ BREY

Luz y Basilio, novela.	2,00
------------------------	------

DE PUBUL CARTELLE

Blancas, ensayo.	2,00
------------------	------

DE ADRIANO FERNÁNDEZ MORALES

Divagaciones, ensayo.	5,00
-----------------------	------

DE ALVARO CUNQUEIRO

Cantiga nova que se chama riveira

DE RAMOS VARELA

Un suceso en los Arrabales (novela).

GALEGOS:

LEEDE LIBROS NA VOSA LÍNGOA

UNHA LITERATURA É

ORGULO DUNHA RAZA

**AS OBRAS DO
PRESENTE CATÁLOGO**

VÉNDENSE

nas mellores librerías i-en

N Ó S

Rúa do Vilar, 15 :-: Santiago